

A TERRA DO MEDIO

Xosé Vázquez Pintor

Unha iniciativa da Asociación de Escritores en Lingua Galega
Polas características técnicas de esta edición:

© Polo texto: Xosé Vázquez Pintor

© Polas fotografías: Paco Vilabarro, Xosé Vázquez Pintor e Vanessa Martínez

© Promocións Culturais Galegas, S.A.

Impresión e acabamento: Norprint Artes Gráficas, S. A.
4780-583 Santo Tirso

I.S.B.N.: 978-84-8341-329-6

Depósito legal: VG 330-2009

Índice

Limiar: A Terra do Medio	7
Melide	15
Toques	25
Santiso	31
Lalín	35
Rodeiro	45
Agolada	53

A TERRA DO MEDIO

Se dende hai uns poucos anos é a aldea labrega de Nugallás, no concello de Antas de Ulla, o cerne equidistante da Gallaecia 2007, xa se pode facer o reparto das veigas e dos ventos para as bitácoras do orgullo que navega en singraduras de pasada rutina. Os devanceiros trazaran as liñas do ceo e os camiños segundo as desmedidas da alma, que sempre asopra vento en popa e vai a valmontes dos prognósticos, a ollo de xastre ou carpinteiro, a paso de can ou de lebre, tirando a fino nos apuntamentos que rexistran os papeis. Cartafoles hai que din Pambre, Amarante, Agolada, Antas, Lalín, Melide, Monterroso... E todo cadra en harmonía de Historia e de consenso. Que máis dá! A Ulloa, Terra de Melide, Tabeirós, O Deza... Eran ferrados de

A TERRA DO MEDIO

labradío e monte manso; arcas de centeo, cabaceiros de millo, parroquias de subministración, casas paridoras con nome e apelidos que se daban á fuxida cando a fame era moita e a noite longa, *sine die* nas portelas da esperanza. Somos da Terra do Medio. E Aquí

*...“aínda hai homes que desvisten as sobreiras
e esfolan as maus no corredor de moitas noites
que non cesan de cadrar a mentira e a espera*

*Aquí aínda hai mulleres que zurcen todo o río
antigo da consolación e aman a esperanza
cos andares fermosos da mañá de xaneiro*

*toda friaxe e nova luz que conta as horas antes
sen despois posible á reflexión por tanta perda”*

...aínda están os chapeus que penduran na parede do cuarto comunal, onde era o nacemento, a festa e a derradeira despedida; para-soles de feltro e cinta ancha que agochan a memoria dos seus porteadores, coma niños



de paxaro na esculca dunha mau que os reco-
lla e leve ao aire da vida de arestora:

-Velaí vai o señor Constante.

-Descantá que finou, antes da guerra foi.

-Pois é o seu sombreiro, non hai dúbida.

E os dengues da muller que acendía o para-
íso. O corpiño e os andares da revolta, esa lu-
cerna, aquela fantasía.

-A danza de María de Mazaira, benvestida
de corpo e alma; vai no San Roque deste ano
coas orquestras.

-Hoxe tería por acaso máis dos 120; non é
ela; ti soñas ou xa tarabeleas.

-Son os seus pasos; e todo arrecende a her-
ba...

O mar é lonxe e as mareas son por de sem-
pre auga nas cestas, coma un xogo de impru-
dencia que molla o cu ao pé dos ríos de
nación ou primeira xuventude (na Serra do
Faro, no Farelo, no Bocelo, na Vacaloura, no
Candán e Pena de Francia...) onde a tina de
lavar é de cinc e laza sempre sobre o soño de
saber océanos en terra labradía das alturas
que rebordan os cinco centos metros de alti-
tude e son da gándara, das valigotas, das esti-
vadas que foran feitas a leghón e borreas nas

A TERRA DO MEDIO

rogas de máis dureza. Eran tempos. Tamén aquí cómpre a memoria para non desmerecer. Un leghón está na Ponte de Primo Castro Vila, primeiro e último alcalde d´Agolada na II República, sobre o Arnego ao seu paso por Carmoega, e o sorriso cara ao solpor de cada día anuncia as novas horas de mañá cediña, por onde nace o río, aló en Caxide, na parroquia de Asperelo, nun queipo do Faro en



A Ponte de Primo Castro, co *leghón* simbólico da homenaxe sobre o piar. Río Arnego

terras de Rodeiro: sempre nacemento e sempre fonte. Baixen as augas da montaña coma en antes; e o seu caudal espese as fertilidades de arestora que somos case máquina e desenhno no buró que vén de lonxe lonxe, como aínda sempre. Hai un incerto paraíso nesta Terra cernal que está ao recacho, dando conta e creto de quen era aquí a sendistancia, a desmedida dos ollares, o farol da noite e a lucencia do mencer. E o océano escaso e altivo acolaló: só palabra de respecto. Abonda. Na Terra do Medio pácese o mellor polbo do mundo: o mar en terra. De antiga herdanza, a Feira é a comunión dos tantos pecadores de oficio e beneficio. Medran as palabras na conversa, fomegan as tellas dos pendellos comedor e por primeira vez sentan ao carón en chan de táboa señor e ninguén, as dinastías dos tratantes e dos porteadores que se manumiten da terra en diferentes graos de orgullo e compromiso: o labrego é a subsistencia e a “filosofía do arado” medra nel coma os xermolos.

-Hai alguén neste mundo que non teña as raíces en Carme e Manuel do monte longo e aberto?

A TERRA DO MEDIO

Os tempos de arestora son mentira e máis ninguén para dar a resposta: non hai voces nin o aquel da Casa que era sempre lume de mornura e alimento, fiestras, xanelas, bufardas abertas ao claror das luces e benvidas. A deserción é incontinente e a espera está nas outras civilizacións que acheguen compromiso, anovación e cariño por tanto eido en desmemoria. Velaí que o tempo voa e os guindastres alleos e voraces desmontan os



Praza do Convento, onde remata a rúa do mesmo nome e máis a Rúa de Quedo. Melide

niños daquel amor que daba entregas sucesivas; e cando a fame eran soñadores da salvación e de aventura nas sendistancias, bebendo o corgo inmenso en días de barco para xente ou para carga: travesía de ida e pouca volta. “Facer as Américas” e regresar en vivo, en fillas/os, en netas/os, en carta con retrato, en anaquiño de algo coma pan e viño para a Festa; en sorriso permanente dentro daquel marco de carballo que pinta uns ollos coma soles e recachan á luz do cuarto con/sentido das esperas.

Poderían ser outras tres terras de concello, outras catro por casual, ou cinco. Porén non quero facer que a miña ousadía manque outros espazos lindeiros destas seis cámaras que aniñan descantá de tempo comigo en cada noite, en cada fantasía, en cada espreita. Metade do Deza, Tabeirós, Montes maila Ulloa teñen xa o seu lugar ben farto por quen coida e vendima máis e mellor ca min o viño novo das palabras, de quen aprendo e agradezo, de quen bebo en grolos de fartura. Así o sei e digo.



Portada románica da Igrexa de San Pedro, hoxe na Capela de San Roque

MELIDE

*“Poidera dicir que eu son ese aire da gándara
feito paxaro nun ramallo de salgueiro.
Poidera soñar fermosas corredoiras de obeliscos
onde cantara o xílgaro o alalá máis doce.
Poidera ser a frol do toxo en arrecendo a primavera
no valelongo do Bocelo
coma peito sobado polas bestas.*

.....

.....en deseño

*do pedrón, ese Melide
artesanal que un día fixo en min a luz coma zapato
ou pan de festa, ou tecedeira de cantigas
cara ao mar por San Martiño, cara ao mar”.*

Na viaxata para a nutrición de máis cá andorga, o asinante comeza nos espazos da nacencia dos seus días: Rúa de Convento, na escasa distancia da casa encantada da señora

A TERRA DO MEDIO

Anuncia, que me arrendaba en horas as albardas e aparellos noviños da súa tenda para eu soñar cabaleiro aos catros anos; e a unha carreiriña de neno da igrexa parroquial do Sancti Spíritus (s.XIV, non esquecer a visita das pedras interiores, o seu silencio de cámara para a acústica dos rezos e cantares, os sartegos, as policromías...) que emerxera no



Vista parcial do “cruzamento de Melide”, na estrada Lugo-Santiago

remate da Revolta Irmandiña, un tanto acó daquel ano do 1467 cando os rebelados acordan nesta terra cernal a xuntanza para faceren fronte ao arcebispo Alonso de Fonseca e ao nobre Sánchez de Ulloa. Porén Melide xa era na Historia dende antes do s. X. Do s. XIII data a portada románica da desaparecida Igrexa de San Pedro e que hoxe loce na Capela de San Roque, ao carón do Cruceiro máis antigo da Gallaecia, segundo Castela. E velaí que dende xa esta encrucillada de camiños alcanza un alto grao de interese cando o arcebispo Berenguel de Landoira ergue o Castelo para fortificar a vila no ano de 1320. E seguen as páxinas dando conta da importancia da capital da Gándara. Ano 1520: agora xuntanza de nobres e eclesiásticos para acordaren axuda ao rei Carlos I contra os Comuneiros de Castela (cor da tinta en gris que levanta sospeitas de acubillo ao rei non querido e creba tamén as expectativas libertarias daquel tempo) Son as “lucos e as sombras” que acompañan o devir dos pobos, o devanar das idades e dos feitos, as dúbidas e as aprehendizaxes. Hoxe, na andaina do Camiño de Sant-Iago, Melide é unha múltipla referencia onde pousan corpo



Cruceiro máis antigo de Galicia

e alma nun relanço os seareiros da galaxia dos andares: aquí xúntanse o Camiño Francés co Camiño Primitivo que viña por Ovedo (aquel que fixera



Ponte de Furelos

o rei Afonso II, “O Casto”, para dar creto e confianza coa súa presenza á certeza da aparición do sartego do Apóstolo Boíño, o decapitado de Jaffa, atopado no bosco de Libredón polo eremita Pelayo). Lenda ou intrahistoria dignas de novelar nun corpus vagaroso, con Prisciliano ao lonxe en chiscadela permanente do “sinón” que aínda debate na angueira de nós. Dicar, para case remate deste meu resumo do fulgor melidao, que a vila conserva o arrecendo da foresta en pedra que aínda é: as pontes románicas do Leboreiro (un xoguete que despide en miniatura os pasos da aldea que lle concede o topónimo) e a máis rechamante de Furelos, sobre o Río do seu nome, Señor do Bocelo, que xa rompe a



A ponte do Leboreiro, no Camiño de Santiago, sobre o Río Seco

cara contra o grani-
to do leito sen ser
siquera un rillote
ou pícaro da infan-
cia na fervenza de
Brañas, aínda en
Toques. E Santa
María de Melide: a
ourivería caladiña
en pé de obra feita

e “ben talhada”, románica, abraiante dentro e fóra. No seu cemiterio están soterrados os alicerces da miña tribo porparte de Antonia. E atende para as visitas ao interior da igrexa unha muller que entrega as chaves e a súa pouca voz mancada, para a compañía:

-Non deixen de reparar nas pinturas, fíxense, fíxense ben; eu non entendo moito, pero seica son de mérito.

O Camiño vai agora cara á Ponte de Penas onde os pasares dormen ou levitan sobre o río Catasol ou do Rañado; a mau dos pedreiros deixounos tal cal eran nas orixes e o pasante agradece a fermosura natural para os retratos. Na encosta medran en desmesura os carballos pais e fillos, que foran decotados

cando a labranza era unha totalidade, ese xeito de vida e de saberes. Aire e vento veñen do mar de lonxe. Emparda ou clarexa a nube que está no corredor de Boente, da Castañeda e Ribadiso, cara á Arzúa do queixo, das cazatas e o Rendal, en chegando as primaveras e os outonos da viaxe.

Porén hai outro Melide que soborda as urxencias. A gándara é un manantío artesanal, sempre memoria. Coido que debe ser a vila grande da Gallaecia que máis e mellor sona alcanza como corredores de feira. Nos vellos coches dos anos cincuenta, que eu soñaba en comandar polas estradas do meu mundo, ían a bordo xentes, fardos e animais nun convívio de trouqueleos e palabras de cedo cando eran os días d'Agolada, Monterroso, Arzúa, Palas, Lalín, Bandeira, As Cruces de Besexos e As Cruces de Sobrado, Curtis... *La Unión, Alonso e Autos Puntero* enchían as adegas, os ventres e a ponte destes barcos en terra que navegaban estradas de croio remexido, seixos bravos que de cando en vez amansaban polo miúdo as maus das mulleres pica-pedreiras da beiramar atlántica. Tempos. Un lembra, dende a súa infancia en medras,

agora xa na feira do doce n'Agolada, os corpos rudes do señor Basilio e de Xaime do Babé baixando e subindo pola esquerda dos coches os vultos de tarecos nos seus lombos, o carrexo da industria de Broz, de Romero, da Melchora..., zapateiros, panadeiras, cacharreiros, xastres, albardeiros... nun equilibrio merecente do mellor funambulismo en lastre de quilos sen couto. E aquela voz en grito das panadeiras do pan trigo, en posición perfecta fronte ás caldeiras e as talladas das polbeiras de Santa Mariña de Arcos, convocando as labregas e labregos para o xantar da fartura nos Pendellos aqualatenses:

-Léveme o meu, léveme o meu! Apálpalle e apálpalle e vólvelle ao seu!

Os melidaos de arestora deberían referenciar nos espazos que aínda hai estas crónicas senlleiras da súa biografía viaxante (non confundir con viaxeira) de case todos os días do ano. Fornos de antigo; aparellos de obra e ventura para que os melindres, os “ricos” e



os amendoados sexan os máis sabedeiros da restauración galega e do mundo. Hai nisto das lambetadas, como tamén no labor artesanal, moitas semellanzas coa vila de Allariz, cadrantes dende xa na súa historia antiga. Vai unha poxa para que, neste tempo irmandiño que nos conforma a prol do orgullo e das identidades que nos corresponden, haxa entre as dúas unha relación de afectos institucionais, conformando espazos e datas para sucesivos convivios. E tamén, en paralelismo coa vila alaricana, toda a atención para o labor desaparecido dos telleiros e curtidoiros de Furelos. Se a ponte medieval é unha das referencias do Camiño, sería tamén de proveito e honra emerxer os espazos e as crónicas audiovisuais, con medios progresistas de ares-tora, destes oficiantes do barro: tellas feitas á mau para a cubrición das casas; píos e ilustración gráfica dos curtidos. Valores de seu engadidos para a proxección internacional dunha vila que eu me honro, todos nos honramos, do seu recibimento para a primeira luz e vida neste mundo, cando era un día trinta frieiro e sábado, aló polo mes de Santos, San Martiño e Santo André. Fartura tamén.

A TERRA DO MEDIO



TOQUES

O mosteiro do Santo Antoniño, de orixe descoñecida, referencia as abas do Bocelo, en Toques. Monte, Río e Santo están nas bocas da memoria. En Castro de Lobos a toponimia avisa da paisaxe e un presinte ouveos se hai nubeiro ou os avistamentos das aves nas alturas cando o claror. No cimo está a mámoa ou dolmen ou pegada megalítica do Forno dos Mouros (sempre a toponimia que marca as orixes populares dos descubridores que habitaban as aldeas: mouros eran os descoñecidos, a cor do enigma e do profundo). O monumento, tentado hai anos nunha restauración imperfecta que cómpre retomar para maior agradecemento e mérito, ten pinturas de cores nos ortostatos que lle dan un valor engadido á mámoa. Dende alí o mundo da

contorna é máis pequeno e o tempo paira coma un pucho de palla para a risa dos milenios. Paisaxe de frondes, tamén na toponimia, onde rexistro para o singular: Mangoeiro, A Mouruxosa e Atá. Quen fose de aí!

O Furelos é o río grande do Bocelo, nace un tanto alá da fervenza de Brañas, entre regatos parentes que o fornecen de bravo e rompedor que baixa a trompicallos aínda raparigo, incha e medra, faise adolescente, vai mocíño cara a Melide e espéllase na ponte medieval de tres ollos que leva o seu nome en parroquia que está nos libros do Camiño a Compostela. Río de troitas que se entrega ao Ulla coma un beixo na Ponte; e son os dous aquí xuntoiro e adulterio entre as terras d'A Cornella, n'Agolada, e as de Arcediago, en Santiso. A afouteza de ámbolos dálles nombradía de fronteira de provincias: A Coruña e Pontevedra. Que dirán de camiño sobre a súa nación, aquelas fontelas, o embude permanente, o chuchamel que cae de enriba cando as nubes, e eles a mamar da Vacaloura e Brañas?

Santo Antoniño foi de sona merecente co rei Don García, quen concedera ao abade

herdanzas que son o xermolo de coto e xurisdición. O coto seica fora patrimonio dos freires bieitos e obtivo grazas do rei galego Afonso VII, no s. XII. Na andaina do tempo foi anexionado ao mosteiro de San Martiño Pinario, s. XVI, que dende aquela exercía dereitos e nomear xuíz. O paraíso da paisaxe, coas augas do Toca en cantareira de frescura e uso permanente, eran animación a maior para os romeiros do santuario d'As Pías,



Capela prerrománica do Santo Antoniño, en Toques

onde a miña nai ía de nena, e dicía “aló” sinalando a distancia do cotarelo dende a gándara de Melide. Igrexa prerrománica, outra alfaia da Gallaecia, outro valemto para que o noso orgullo a prol da dignidade patrimonial e de todo tipo medre, multiplique, sexa definitivamente en pé de honra. Alí o Calvario da Capela, que se negou “a musear” en Compostela, cando o arcebispo, na metade do s. XX, quixo, para o conforto e renda de máis valores na sé episcopal, a súa compostura románica, en arte do rural galego, tan de noso, tan dos universos da Cultura, tan de tanto. O pobo fíxose grande na defensa e houbo que deixalo estar onde sempre foi, pendurado e gornecido de pinturas nas paredes do silencio; lembrando aqueles outros tempos de romaría e oración de fe ou comenencias, como cando os veciños tiñan por obriga plantar cada ano dous carballos por familia na Carballeira da Capela, obriga que non eximía do pagamento dos tributos. Conta e non para don Cleto, o cura, que hai un carballo de máis de cincocentos anos sobor da peneda, ao carón do que fora mosteiro, que é recoñecido como ben natural de patrimonio, en descantá.

-Raparaches nel?

-Si.

Na desamortización instalouse no convento unha fábrica de cravos, aproveitando a forza do río. Contan os devotos que o empresario non respectaba o silencio nas horas da misa e un día saltou polo aire todo o aparello. Remataba así a fantasía pragmática das puntas. Arestora a paisaxe acubilla en tanto a deserción empresarial daquela maxia como medra dende a espadana solitaria no monte que acaroa a Capela a voz da campá, na labra dos sineiros, chamando ás fertilidades de corpo e alma que denantes eran tralos rezos.

Na solporecida os Castros da Graña e o Castro Pedro, carrapuchosos de terra que se ofrece á visitación: son libros abertos coas follas nutricias dando conta doutras xeiras, outras densidades de habitación, antigos xeitos de nos ir cadrando en círculo e rectángulo cara ao progreso que aínda espera nas idades todas. A familia de Pita, que vive en Melide, fixo doazón de tempo e terras na Graña para que os sabidos de aquí e de alén dos Pirineos fixesen investigación en obra; así renaceron as formas do poboado, coma gromos e así

A TERRA DO MEDIO

fomos tendo consciencia dos valores destes asentamentos. No Museo Terra de Melide están achádegos das idades do barro, do ferro e da pedra, dos habitáculos; rexistros de interese que son as primeiras achegas dun soño cara adiante que non cesa.



Museo Terra de Melide

SANTISO

Lindeiro con Melide, seguindo o río Furelos, entramos coma un coitelo no pan branco en terras de Santiso, por Vimianzo, Niñodagua e Barazón, ata Arcediago, onde o Ulla larpara, coa sinatura do seu nome, todas as augas do Bocelo e de Abeancos, todas. Santiso é a ribeira da Gandara do Medio: descen os centímetros da cota das alturas e xorden os anchos da auga que encora en Portodemouros, onde a néboa é unha veciña dende o ano 1967, aquela inundación das veigas fermosísimas de Beigondo, Ribadulla, Visantoña... Terra de músicos. Vilar de Ferreiros rexistra no seu nome a herdanza antiga dos obradores do ferro, artesáns e artistas nos días-noites na forxa, tamborilando co martelo na ingre para a nacencia dos postigos, chamadoiros,



Pazo Vilar Ferreiros

trinquetes, fouces e fouciños, coitelos, rellas, grades, llergas, lamias, chaves e mandados de antollo señorito ou gran fidalgo para que espellen no solar da casa, do casal e do pazo. O Vilar, onde o Pazo dos Pimentel e Sotomayor sorprende coas columnas exentas, o frontón partido do seu portalón e volutas do barroco compostelán, con sete bólas de pedra, mudou hai tempo en músicos que levan de camiño légoas adiante o nome do lugar e da parroquia, Visantoña, alén dos castros, que son circulares en Novela e San Román, e ovalados no Vilar e Beigondo. O s. XIII forneceu do románico as dúas igrexas, a de Santo Estevó de Pezobrés e a de San Pedro de San Román. Xeografía de acougo para os xograres de sempre e de arestoras. O asinante escoita e lembra de cando era rapaz a nombradía da Festa da Ponte, en Arcediago, catorce de setembro de todos os anos: xantares, xentío, música na carballeira; unha citación de beneficios, que o Ulla cala, pero aínda sabe.

LALÍN

Das terras de Lalín acorda e lembra o cronista dous fitos terapéuticos naquela súa infancia. A vez cando o lombrigol e as enxurradas de allo non foran quen da derrota das lombriegas e o neno do xastre de Quian esmorecía e era levado de urxencia ata a morada d'A Vella de Goiás, de case sempre meiga boíña e sandadora:

-Que me trae aquí? Son as lombrigas.

-Non son, señora, xa lles demos co lombrigol e allos.

-Baaah. Colla comigo.

E carrexáronme do revés, en vertical, cabeza abaixo, polo corredor tarreo, de ida e volta, en sacudidas intermitentes.

-Olle como lanza as condanadas. Eran elas ou non son elas?

A TERRA DO MEDIO

-Si, señora, son elas.


-Ai logho ben!

E obrouse a resurrección na noite máxica.
A segunda vez foi en Soutolongo, no pende-
llo da eira da casa do “compoñedor”:

-¿E logho que foi ho?

-Caeu da bicicleta, anda aprendendo; e de-
rramou este brazo...

-Deixa ver aquí.



Santuario de Nosa Señora do Corpiño

A artesa do pan era grande, de carballo; sentei con el en confianza e zas, un lóstrego a percorrer e un ai sen tempo. E velaí como aínda xorde e axuda o brazo dereito nesta escrita, cincuenta anos hai.

Lalín: corenta e oito parroquias que van en ringleira de parafitas polo alfabeto adiante, do A ao Z, enchendo regos de alma: Albarellos-Zobra. Case todas elas ao acougo do Candán e do Testeiro, as serras onde se creban as nubes e hai xiadas, neve, sol primeiro de marzo, primaveras, vistas panorámicas. Os ríos nacen. No Candán, en Pena de Francia... E levan nomes de antigo: Deza, Asneiro (o cronista gustaría dicir Arneiro, coa raíz léxica de ARN, coma en Arnego, Arno, Arnoia; que alguén saiba e diga con certeza). Paraíso é cando se engolen e marchan de camiño consentido en Carboeiro, onde os eremitas soñan permanencias. Atrás A Brea, o volframio e as guerras, a minería dos cartos. Porén estou xa en desvarío no territorio doutros concellos, que tamén amo. Acougo e regreso ás xeografías lindeiras que me corresponden. A vila (de Lalinde ou La-liño, ou das últimas pescudas de Gonzalo Navaza,



Ponte dos Cabalos, sobre o río Arnegó (ano 970).
Agolada

filólogo e poeta ben-
nado nesta terra) vén
de lonxe nas idades;
as crónicas contan e
non paran dunha
Torre que fora propie-
dade do señorío

dos Suárez de Deza, xurdidos do casorio da
condesa de Camba Churruchao con Alonso de
Deza. Abatida a torre nace no solar a vila de La-
lín, xusto onde arestora se ergue a memoria do
aviador de Prado, Xoaquín Loriga, en monu-
mento emblemático (ano 1933) do escultor
máis sobranceiro para os espazos urbanitas de
Galiza: Francisco Asorey; del é tamén o mo-
numento (ano 1960), no cerne da vila, a Ra-
món María Aller Ulloa, o astrónomo
primixenio de noso. Retomando as crónicas
antigas, aquí é terra de castros, algúns coma o
de Bermés, con estelas funerarias; os outros
espállanse na contorna dunha superficie con
topónimos que cantan: Camposancos, Gre-
sande Goiás, Palmou, Donramiro... Porén
moito denantes xorde o megalítico en Parada
de Alperiz; a minería romana en Cercio, Sello,
Zobra, Losón e Vilatuxe. E con Roma entran

as vías de comunicación que abren brazos cara a Lucus-Brácar; e pasa o medievo pola Ponte dos Cabalos (970) que compartilla Agolada, con postigos e ínsua sobre o Arnego. A tradición e unhas actas nun concilio de Lugo (ano 569) falan de Xan Deza, e di que o tal fora o rei suevo Andeca, que asentara aquí a súa corte, onde se creou o condado de Deza. Trala invasión árabe o bispo de Lugo, Odoario, deu axudas para a repoboación de Botos, Palmou e Bermés. Tralo casamento da condesa de Camba Churruchao con Alonso de Deza aparece a familia dos Suárez de Deza, en señorío que ergue fortalezas diversas, como a antedita Torre que deu lugar ao asentamento da vila de Lalín. Sucédense as liortas nobiliarias e co enfrontamento de Alonso Suárez de Deza a Berenguel de Landoira e a chegada ao trono de Castela de Henrique de Trastámara, as terras do condado dezán pasan a ser propiedade do Conde de Lemos, e despois á Casa de Altamira. Nesta lideira coas efémeras virtudes dos ricachos dominantes un pérdese e entra no lugar do abouxamento. Finiquitados sexan para sempre os tales eidos, tales títulos, tales persoeiros.

A TERRA DO MEDIO



San Martiño

Nun chouto de ledicia cara ao territorio das artes que son de antigo, os sabidos subliñan a igrexa de Palio como prerrománica; a de Goiás como románico rural; renacentistas en San Miguel de Bendoiro; barrocas en Santa Baia de Losón e Santa María de Soutolongo. De orixe medieval afirman que é o santuario de Nosa Señora do Corpiño, en Losón, gornecido hoxe en pedra labrada no s. XVIII. Na arquitectura civil salientan os pazos de Anzunxao (Madriñán), Des (Soutolongo), Donfreán (Catasós), Donramiro, Liñares, berce do aviador Loriga (Prado) e Pardiñas (Noceda).

Con esta carta sobre a mesa de medir a historia álzase un obradoiro de formas, un roncel que corresponda e dignifique aínda máis esta paisaxe que se multiplica en frondosas:

-Repara cando baixas o Candán: hai centos de carballos, castiñeiros a madras... é sinal de riqueza e sabedoría labrega. Os vellos sacábanlles proveito sen maltrato -díxome unha vez Ramiro Barrio, antes de se despedir.

Lalín de San Martiño, ou viceversa, seica era o nome primixenio, que está de pedra románica no porte da igrexa de Lalín da

Cima, ou de Riba, que todo é conformábel e todo campa nesta valigota por onde hoxe vai o que chaman Regueiriño dando formas de recreo e de compañía.

-Viva Lalín con razón ou sen ela!

-Pois viva.

-E quen me dea un pau doulle un peso, e se é de carballo trinta réas!

-

E tantas outras veces xurdía o retrouso dos veciños de poucas légoas, aloitadores novos que facían galano da súa voz e orgullo de diamante en bruto a proclamaren o *magníficat* das tribos:

-Viva Carbia!

-

Era axiña o rebollicio naquela metade do s. XX, nos rueiros e no monte ancho das arribadas. Tempos. Terra de Ciencia e Arte, multiplicación dos universos desde a garita de don Ramón María Aller Ulloa ao pousadoiro do matemático Rodríguez, da parroquia de Bermés; e os cartógrafos, e os historiadores, e os profetas do labradío que barallaban o tempo das atmosferas coma un naipe; e os músicos -sempre a Música nesta Terra do



Peza figurativa na rúa. Oliveira

Medio- que aínda respiran pentagramas nos concertos populares e nos certames de altura interpretativa. Se digo a Banda de Muimenta



Peza figurativa na rúa.

digo a miña Banda da infancia, os músicos da aldea, tan de noso, tan de sorpresa, tan da casa que lles sabemos os nomes ou dicimos: o Baixo, o Requinto, o Tenor, o Bombardino, o Caixa... e abonda, coma se un título. Honra que compartillan Merza, Vilatuxe, Brántega, Lalín, Silleda, Bandeira... Son a outra dimensión do cada día, o espazo preferente para a nacencia dos cores e das formas sobre a pel do lenzo ou a macieza da pedra ou da madeira e ferro. Labregos/as da fantasía creativa. Se digo Colmeiro-Laxeiro escoito un canto nas

voces de lonxe, un cacarexo de auga de río bravo, indómito, libertario. E veñen outras/os: o colectivo de hoxendía cos seus marcos abertos para a recreación do mundo Lalín-Deza-Gallaecia. Son aves de retorno ás orixes, pombas mensaxeiras, araos de mares de centeo outrora, facedores do meu tempo, neste. Unha ledicia. Non digo os nomes, por se alguén se agocha no meu peto de selva de sobreiras aquí en Quian, onde escribo esta crónica sentida de vós. Estadades na Solaina de Piloño como lagar de vendima e de farturas e bebémosvos a grolos en cada peza aquí e aló, aquén e alemparte. Deixádeme que diga Wily, por todas/os, por el, por min. Abonda. E un nome de acougo necesario para un queipo de noces, para a lembranza do rural que medra en alma e non deserta nunca: Manuel Daniel Varela Buxán, autodidacta, teatroiro, Amigo. No aire do souto está outro paseante dos insomnios: O Naranxo. Vou con todos de festa cara ao mar da Vida. Nos corredores dunha modernidade que está nas boas intencións, os espazos vilegos erguen esa chiscadela de oficio e arte, de tradición aprehendida: son as pezas simbólicas e

figurativas, bronce e granito, que tentan humanizar as rúas e as encrucilladas: Acuña, Acisclo Manzano, Oliveira, Wily, o nomeado Asorey, Vidal Payo, Buciños... Son pasos, andaina, expectativas.


Outrosí pola carballeira de Barcia, coma na fraga de Catasós, as árbores xigantes e as novíñas, que dicía Ramiro Barrio no Café da Aurora, agradecen a compañía e señorío das labregas e labregos que nunca habitaron no xardín dos Pazos desta Terra do Medio; por eles, xente humilde e labradora, e polos tantos fillos das aldeas que crebaron a corda e o adival da escravitude e non renuncian ao galego: lingua e obra, fantasía diversa. Vai esta tarde de outubro 2007, sollosa e nunca desmemoria, meritísima; tamén no niño antropolóxico-etnográfico de Zobra, en pasando os amarelos da paisaxe que visten Vilatuxe.

-Vai.

RODEIRO

*“As mozas de Camba
cando van co gando,
espetan a vara
e bailan o tango”.*

É a primeira letra da cantiga popular, sen retrouso, que honra as mociñas do val das vinte parroquias e os tantos reghatos que baixan a valmontes ou mansiños da Costa do Faro. Porque o Arnego, o meu río da infancia trasladada, nace en Caxide, parroquia de Asperelo, onde a estrada procedente da vila de Rodeiro vira e vai pola encosta cara ao santuario das alturas. Hai un tempo que fun mandado aló onde o río baixa en fío de sacho, tan sen nada, tan cativo, para me lavar das coitas de noso, os mixiricas da terra, dos que



Sobreiral do Arnego, en Carmoego, desde as rochas Peniceiras

devecemos polas apalpadelas da materia e escoitamos a voz dos universos onde hai miocas e besbellos a nacer e convivir. Velaí os inicios da tolemia, que perdura unha vida. Pois aló estaba en dúbidas, se era o Río Grande, o Río de Quian e de Carmoega, ou serían por acaso os seus tetos de mantenza -afluentes lle din nas enciclopedias: Ourín, Fontao, Devesas, Turubelo, Rodeiro, Toca, ¡coma o río da Capela do Santo Antoniño de Toques! Que fermosura de nomes. Velaí a riqueza desta “Lingua de ouro”, que dixeran Pondal, en substitutivo do ferro das batallas.

E nesta ventura andei na mañá das once en marzo cando dei outra volta nos versos

hexasílabos da cantiga popular que honraba as mulleres emerxentes desta terra. Porén, seguindo a música interior, atravesara os pradoiros canda o Arnego infante e soñado:



ArNeGo

Rio Arnego

*“E bailan o tango
e maila muiñeira,
as mozas de Camba
non hai quen as queira”.*

Non era a miña intención, nin sequera a miña voz para o retrouso coas envexa ou ciu-
mes. Reparei no dato e lembraba as festas e
romarías daquela xuventude por Adelán, Pe-
droso, Cristimil... onde as raparigas visten de
cariña reineta, coma as mazás fermosas, e
corpiño lanzal. O retrouso era de certo aque-
la voz dun non correspondido. Porque aquí,
meu amigo regueifeiro da outra incómoda
montaña, a paisaxe é fermosura no seu
nome. Escoita: Carboentes, Riobó, Pescoso,



Salto, Fafián, Az, Vilela..., tamén Melide. E non pares ata chegar á ponte de Pedroso, baixo arco medieval, para que o Arnego recolla e dance coa vara do tango das cambotas coma flores. E se non contentas, álzate en Álceme para ollar os castros de Casasoá e da Devesa; ou vai de pé lixeiro ata Fafián para verdes, ti e máis quen sexa a túa sombra, a Vila, en Porta de Arcos. É mágoa que non poidas chegar a tempo para ollardes en pé a torre dos Churruchaos, señores de Rodeiro, derrubada polos Irmandiños, aqueles revoltados, que eramos case todos nós en *illo tempore*.

Non desesperes que aínda fican rezos nas igrexas románicas de Santo Estevo de Carboentes e de San Vicente de Rodeiro; ou cantos do mencer e do solpor no barroco de San Cristovo de Az e Santa María de Guillar (onde o meu pai ía de festa á casa do seu amigo xastre Daviz, así con zeta de pronunzia). E se desces da montaña en mala hora, pois que as tarabelas que deshonran a contorna da ermida das alturas, Nosa Señora do Faro, en feo permanente, cabrean os bennados, recolle as fames de pelexa e vai pousar á Torre de Santa María de Guillar ou aos pazos



Roda do Carro Labrego

de Trasulfe e Camba: son arquitectura civil, nutricia aínda hoxe, desaparecidos dende xa aquelas outras bocas por acaso voraces dos seus amos. Pero a pedra dura, tempera, agradece as maus dos obradores dos encantos, maceta e cicel, punteiro e arte, máis que palabra. Pois por eles.

Garda este concello a memoria da Feira de Río, con pendellos, tal era nos lugares das catro augas da Gallaecia: arquitectura ao xeito de se gardar das inclemencias: frío, calor, nevaradas, nubeiros, refachos. Xa non hai, agás unha cativa mostra, que é abondo para

sabermos que alguén desobedeceu as ordenanzas dos armadores dos convivios: a feira un encontro de palabras, corpos, almas. Non foi posíbel manter viva e aínda en pé os edificios singulares dos pendellos onde había nombradía de tratantes, gando en tránsito, industria paralela ao agro dos amos e dos caseiros, comercio do rural que viaxaba cada día.

De agradecer é a sensibilidade de quen argallou erguer, no cativo outeiro que vai cara Chantada, na dirección do Alto do Faro, gornecido por rotonda, a Roda do Carro Labrego en granito ou branco paspallás que loce ao lonxe. Benqueridos e mantidos sexan os autores/autoras desta idea simbólica e loubanza e parabéns ao obrador da peza.

*“Non hai quen as queira
quen as ha querer,
as mozas de Camba
non se poden ver”.*

O ciumento segue cos versos das aldraxes. Era co-medido na métrica este rapazolo das descargas maldicentes. Onde haxa que andes de trovador cativo, reconece a túa derrota en

maldizer. As cambotas eran, son, serán, na outra escasa distancia deste Val, aló en Palas de Rei, as “Donas do Vilar”, que namoraban a Cunqueiro e por elas quixo para a súa Lingua e Fala a permanencia en “mil primaveras máis” do seu sorriso.

*“Vindo do Faro
vin unha nena,
viña do monte,
de calcetar,
ela gustoume
pedinlle un bico
pero ela non
mo quixo dar”.*

Aaah! Agora sei.

AGOLADA

En páxina manuscrita con letra gótica nas crónicas antigas dise que está, por primeira vez, o nome da Pousa de Augalevada. Creban así os medos e as indiferenzas sobre o topónimo desta vila pequeniña coma un cesto (o *ghainete pías*, chaman os boghardeiros de Mondariz á súa peza máis humilde e afeita). De *Aquam Latam*, non hai dúbida. Se remexes nos espazos atopas os testemuños de auga conducida. E hai que confiar na Terra ou nunca seremos nós, porén seremos cómplices. Aquí chegaban os meus pais, nos comezos dos anos cincuenta do s.XX, cos tarecos da xastrería de Melide e un rolo de berce para o seu neno bonito e palabreiro. Dende os catro anos, e ata os vinte máis en medras, esta sería a miña mantenza de palabras, mutación

A TERRA DO MEDIO

sucesiva do castelán ao galego dos xogos e das aprendizaxes. O meu pai sorría e a miña nai ía entrando paseniño nas xeirras integradoras do querubín onde hai pendellos de feira antiga,

*“Meus xoguetes interiores da infancia
pequeniña, de amor e feira grandes*

*Un colo en memoria fordes, canto máis amigos
do silencio na noite para que a pedra fale*

*Sexades para sempre a nosa voz
na casa das palabras, coma en antes”.*

corredoiras e aldeas, o verbo dos labregos na compañía das vacas e dos carros que atravesan as estradas N-640 e a de Lalín-Betanzos, sen medos nin preferencias para un tráfico nugallau que retardaba en horas. Aquí



conformei de vez e da voz que sempre vai comigo.

Agolada, que soñara e fixo realidade de feira próspera no seu tempo de traslado dende Os Chaos de Aián, acaroadada ao Farelo, ata a encrucillada das Cerviñas, don Manuel Ramón Varrio (así co uve) y Losada, que herdaba do seu pai a Escribanía das Xurisdicións de Ventosa e Borraxeiros, nesta gándara cernal, corredor de ventos, limpeiro das atmosferas, Pousa de paso, comezaba o seu ser identitario de vila para a feira e feira para unha vila. As vías de denantes do 1774-1788 eran abondosas en tráfico de recuas de arrieiros e feirantes, xente e xentalla, camiños fondos, necesidade de progreso e comunicación, pícaros da vida e a vida en picaresca e permanencia. Así as pontes, os portelos, os pasares, o pontillón, a pontella... ida e volta, militancia nas congostras que gastaban as ferraduras dos cabalos, a andadura e a beleza das égoas paridoras que había en cada casa distinta das aldeas da contorna e máis de lonxe, os aparellos de campar en cabaleiro de farturas ou a mulemia e a burremia dos necesitados para ir tirando a ver se un

día...Velaí a Ponte dos Cabalos (970 é a data que figura na pedra compañeira doutras tantas que caeron ou foron empurradas para o fondo do Río Grande, o Arnego do Faro, xa lles dixen, aló de Caxide ou de Couso, veciño ou amo do Ourín, Fontao, Turubelo...) Hai máis de trinta anos que fora levado polo meu amigo manco, Claudio Barreiro, “Richard”, para saber daquel paso das alertas cando as noites do regreso á casa despois da feira, despois da romaría, despois do amor, despois das tantas avenidas do diario.

-Pasar a Ponte dos Cabalos era unha ousadía de valentes.

-

-Si, carteiristas, violadores, túzaros, malaxente coa cara tapada... Meu pai sabe: dábanche o alto e esfurricabas.

Era un servizo de antes de antes, cando os romanos armaron as vías para as distancias e por aquí era Auria-Brigantium; Brácara nun cabo, ao lonxe; e Astúrica noutro; e Lucus, case no eixo; e máis ao pé da casa e das modernidades: O Reino, Melide, Lalín, Rodeiro, Antas, Monterroso... as lombas das montañas, a transhumancia dos paxaros. Arestora a

ponte é un aviso urxente de ruína no incerto e vagaroso proceder das administracións, que endexamais ollaron polos dous ollos deste monumento senlleiro e cangado das fadurías e deshoras. Porén, canto máis indiferenza, canto máis agredido, canto menos respectado, os quixotes da vida máis entran no seu ventre de pedra informe, agás nas bóvedas dos arcos, para berrar en ecos, para axustar as comencias e as aldraxes e seguir descubrindo, a contrarrío, que hai tamén una Ínsua dos Cabalos, paraíso miniatura, arquitectura de auga, por acaso das poucas (na Gallaecia), que é capaz de soster o río en tres niveis, dar mantenza a un muíño de dous pés, acaroar as muradellas á terra de labor para que os invernos non leven nin nunca manquen as ribeiras; unha Ínsua de seu naturría dos habitantes do lecer: árbores, paxaros; flora e fauna de tamaños e cores diversos e distintos nas múltiples terapias.

-Un santuario da paisaxe.

-

E o Arnego vai paseniño cara ás outras pontes de antigo, só piores; avanca en Vilariño, fai xogo e aloumiño no Bico da Balouta,

entra no funil das sombras, coma en selva, e aparece no Sobreiral do Arnego, Carmoega á vista (esta parroquia é a primixenia no nomenclátor das cartografías, onde aparece como Carmorga e Carmoga, co P. indicativo da súa ponte), para que Europa saiba e proclame en poderío de megáfono: “Espazo Natural a Protexer”. Rede Natura. E páranse de súpeto as minicentraís reprogramadas. E non se move un fento daquela Xunta cómplice cos solagos. E sobe un foguete de ledicia polas gorxas dos Amadores da Terra Universal, que somos tantos, tantas. E... hai unha certa esperanza de que os novos ventos destas anadas limpen os camiños e os carreiros que acaroan o río para facer posíbel o Paseo do Sobreiral de Arnego: vagaroso, de lecer e ledicia, de vida; dende a Ponte Vilariño (por onde vai a estrada N-640) ata a Ponte de Primo en Carmoega. Encantenón, as sobreiras medran cara a xigantes, espesan os toros coa cortiza, e veñen as SMS de parabéns a esgalla. Planeta en obra. Porque o río é, tamén en deporte, un manantío que non cesa. “Miraio aló vai”, cobregando os nomes do seu paso, fonética ilustre para un libro-disco nas Feiras

Internacionais, ata o bico da entrega ao Ulla, en Portodemouros: couto de augas, abundancia de terras varridas outrora e hoxe megavattios, voltios, amperes, enchufes, lámpadas... que aínda hai nas aldeas da ribeira quen gasta candil necesario para as tantas faltas.

Regresando á Prehistoria e á Historia aqualatense só dicir Campo da Mámoa (Brántega), Monte das Mámoas e o Pico Longo (Borraxeiros), Monte Laxido, Agro da Gandarela en Lamas das Trabancas, Axiaz (Ventosa), Coteimil... resposta en acordanzas o Megalítico Galego. E os petróglifos, que son diversos, sobrancean na Pedra das alabardas de Axiaz e na Ermida de Couso. Un nubarro varreu o noso optimismo fronte ao achádego do Dolmen dos Muíños, no Agro de Voda, en Bidueiros, polo seu enterramento: ortostatos con pinturas a tres cores e un volume e superficie dos máis relevantes (da Gallaecia). Tempos novos? Das Idades do bronce fica a mostra da marabilla do “tesouro



d´Agolada”(colar e pulseira de ouro macizo, atopado no 1920 en Campo do Xastre, Ferreiroa, que está en lugar preferente do Museo de Pontevedra) e varios sartegos en Merlín, onde dorme en abandono unha igrexiña singular, rexeitada de Deus e dos seus correspondentes dende hai uns anos. Existen, felizmente aínda no seu contexto, sarcófagos simples e duplos espallados polos montes das parroquias, que cómpre de urxencia documentar e protexer. O Castro Marcelín, onde seica aniñan, coa Raíña Marcela no trasacordo da coroa, os moitos ghozofellos de alma, trasnos vagantíos, que o señor Juanito nos animaba a ir para saber e pillar de mañá cedeira, coas axudas dun saco e aquela voz mansiña de “ghozofello vente ao regho, ven”, que nunca viña; e si a friaxe nos carrapuchos das alturas.

*“Faro, Farelo,
Pico Sagro
e o Bocelo,
mailo Castro Marcelín
tiritando no medio”.*

Estas terras foron dependentes dos resultados das liortas habidas noutros lugares lindeiros: do Condado de Deza dende o s. VII. No 1366 por quí foi o lugar do confronto da rebeldía dos Churruchaos e do arcebispo Suero Gómez de Toledo, pasando axiña ao servizo dos Condes de Lemos. No 1467 fora derrubada a fortaleza dos Condes de Borraxeiros polos Irmandiños; e reedificada no reinado de Felipe II. Hoxe é un Pazo que preside todas as distancias e olla ao lonxe como vai en medras a súa propia vellice e decadencia. No s. XIX, decembro do 1835, os apuntamentos falan da “batalla en Eidián” entre as tropas gobernamentais e os carlistas; no sucedido fíxose espectáculo de escarnio en crueldade co presunto espía, infiltrado no bando resistente, en execución pública celebrada o día doce, no Campo da Feira d’Agolada. Era entón a Casa do Cego, a que servira de cuartel, e que arestora conforma un espazo para o turismo rural baixo a denominación de Pazo de Eidián.

Porén a meirande riqueza histórica e patrimonial, xunto co megalítico, está nas igrexas románicas: de Órrea, do fins do s. XII e



Val de Carmoega con Pena Gundín ao fondo

comezos do XIII, de achego ao Mosteiro de freiras, de quen a primeira referencia aparece nunha escrita notarial copiada no “Tombo de Sobrado” do 1 de maio do 1171, no que a abadesa Toda Rodríguez e a priora Onega Ildefonsi venden ao Mosteiro de Sobrado “del ayo del Rey de León, Fernando II, de Nuno Pérez, en “Villa Ínsula” por corenta “sueldos de Angers”. As datas das orixes do mosteiro poderían ser anteriores ao primeiro testamento do bispo de Lugo, Odoario (747); e duraría en prestixio e rendas, ata a súa desaparición (1504-1515), por anexión a San Paio de Antealtares de Santiago. Consérvase en moi bo estado a Igrexa románica, unha obra digna de visitación, que acouga no val que hai entre o Pico Maior do Candeiro e a Serra de Órrea, con Pena Guntín ao lombo,

baleando (na distancia semella unha balea) sobre o encoro de Portodemouros, a contra-mar. A igrexa de Ventosa, do mesmo tempo aproximado cá de Órrea, ao abeiro do Farelo, gorécese no seu interior con fermoso baldaquino, que os sabidos non acordan en datar, entre os séculos XIV e XVI: o conxunto interior do recinto é unha marabilla digna de mellor sorte na súa promoción. O románico rural galego para tamén nas pinturas murais: en figuración e alusivas á vida-morte de Xesús-Christo, coas mellores pegadas dos nosos artistas anónimos (reparar na *kipá* do maltratador de Christo e nos decorativos da



paisaxe da “flaxelación”). A Igrexa de Ferreiroa (convén remexer no topónimo, por se hai comparanza e podería ser Ferreiroá, en agudo, a súa pronuncia; aínda arestoras -valor engadido- o visitante pode atopar e recoller abundancia de restos de escouras da antiga fundición do ferro) é do románico serodio: conxunto humilde e moi sabedeiro aos ollos dos que amamos a sinxeleza nos elementos ornamentais, esa compostura que cadra con certos espíritos ou estados de ánimo: é a miña alfaia preferente, en conxunto memorístico dos afectos coa Capela das Virtudes, que aínda hoxe, na súa máis que ruína, loce e honra o recinto d’Os Pendellos. Borraxeiros, Merlín, Basadre, Vilariño, Carmoega (con reloxio de sol), Brántega, As Trabancas, Santa Comba... teñen tamén a súa importante cota participativa nos andares das modas e dos séculos: románico serodio, barroco, neoclásico... e os cruceiros, espidos ou figurativos en labra singular de cada mau, de cada espazo: encrucilladas, adros, votivos, memorísticos.

Agolada é, en comparanzas, a máis desatendida das vilas que aquí se compilan. Non se entende este desleixo que vén de

hai tempo. Semella que todo vai á forza, a contravante das urxencias, cando tododeus corre se non voa, cando activan os orgullos polo de cadanseu. En ningún outro sitio da contorna hai o referente identitario que aquí comporta dende sempre: o patrimonio, xa único en número e en integración coa vila, da Arquitectura Popular de feira Antiga, acaroado á Praza do Concello, outra singularidade que preside a fonte labrada polos canteiros de Ventosa. Son os visitantes, que van de paso e a quen lles cadra, os que máis e mellor estiman os Pendellos (do s. XVIII) que penduran



Pendello-almacén. A Golada

(penden) coma do aire ou sombra doutros esteos que os amparan: arquitectura minúscula, maquetación de efectos secundarios a un só día de rebollicio (días doce de cada mes do ano): eran os amigos da vila de todos, os xoguetes a maiores para a interpretación daqueles soños na noite do franquismo, as ruelas, os acubillos, os accesos ás pequenas alturas dos tellados sen nada romper senón a crisma, e aprendías a navegación do risco. E a Feira, día grande das palabras, dos mares do *pulpo*, dos ferrados de panbranco, da posibilidade de nos achegar ás vacas de toda caste e condición, saber dos bacoriños, das galiñas e dos coellos, que un tocaba de certo a súa respiración en vida, a súa pel, as súas voces e as respostas da animalia, en manso ou bravo, sorprendida.

“O día é Doce,
O día é Feira:
Ergue, Manuel,
Lava, viste e vaite a Ela!

*Aquí no cerne Agolada
Garda a memoria das feiras*

*Onde tantísima xente
Viña de lonxe á súa beira*

*E nos Pendellos da vila,
Que son historia de pedra,
Vive a infancia e xuventude
Das nosas vidas daquela*

*Así naceron as falas
Dos ovos, queixo e manteiga,
Dos repolos, pan e viño,
Do lenzo e traxes de festa*

*E o mellor polbo do mundo
Era cocido en caldeiras
De cobre co lume de achas
Ata que os raxos ourean*

*No prato van as talladas,
Arrecenden na madeira,
Buscan o pendello grande
Dos xantares e as conversas*

*O mar en terra é bocado
Que sabe en boca labrega
Falar das mil marabillas*

Que hai nas Cíes, Ons, Fisterra...

*Aquí nos Pendellos eran
Os días sempre unha chea
De palabras e de tratos
Que se pechan nas releas*

*O paxariño é unha sorte
E o cego vai na miseria
Dun corpo que sempre canta
As desventuras alleas*

*E volve o labrego á casa,
Onde a muller sempre espera:
Trae consigo a compañía
Da vaca, nai da becerra*

*Xa no silencio do cuarto,
Cando outra noite se achega,
Bícanse os dous namorados:
Que non hai Feira sen Festa!"*

Eramos nenos/nenas ricos sendo probes.
Por iso ofende que alguén en algures manque
tal estilo de supervivencia.

-Que veña unha pa e os leve todos dunha puta vez!

-

Son os tempos na contramarcha da dignidade e do progreso; lardeiramente a prol da ignorancia, do autoodio e das usuras.

“Recuperación xa!”

É a voz, refrán permanente, berro solidario da Asociación de Amigos dos Pendellos contra o silencio. Encantenón, quen se achega deixa nos ecos dos manuscritos que soñamos:

- Que sorpresa! Canta fermosura! Que mágoa que os teñan aínda así!

-

E todo canta nas orixes destes chantos, re-bos, trabes, tellas, encastres, lousado, mura-dellas, portas, fiestras, xanelas, bufardas: arquitectura primaria, de seu agradecida, de seu casiñas abertas dos ninguén de ningures que dormen e descansan nelas en días e horas de cavilacións; de noso sempre pedras e



madeiras e cerámica de antigo, necesarias formas de gardar e ser, sempre agradecidas/agradecidos. Pendellos comedor, expositores, almacéns... parque nu e antropolóxico dunha xeira antiga de convivios, onde a Palabra loce e agradece, oferta e cumpre, molla en tinto ou branco as bocas e pecha en lealdade os tantos tratos. Porén o tempo corre, voa, e non...

-Non desesperen-palabrean desde anos a hipocresía e os con/sortes nos despachos.

-Desesperar é pouco na Terra do Medio!
Vai ou non vai?